



Concello de Meaño

ACTA DA SESIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN DE ALCALDE/ALCALDESA, EN VIRTUDE DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 28 DE MAIO DE 2023 (EXPEDIENTE PLN/2023/5).-

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial de Meaño, ás 12:00 horas do día 17 de xuño de 2023, e ao abeiro dos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e os artigos 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, reúnen-se en sesión pública os/as concelleiros e concelleiras electos/as nas Eleccións Locais celebradas o día 28 de maio de 2023 e que resultaron proclamados como tales pola Xunta Electoral de Zona de Cambados, que son os que de seguido se relacionan segundo a orde de proclamación:

*** Pola candidatura de Veciños de Meaño (VEDM):**

- D. Carlos Viéitez Fenández
- D^a. Mercedes Cousido García
- D^a Raquel Balboa Torres
- D. Jorge Besada Serén
- D^a Belén Mosteiro Lobato
- D. Ramón Alfonso Piñeiro
- D^a Sheila Feteria Santos
- D. Ramón Tilve Castro

*** Pola candidatura do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**

- D^a Rosana Domínguez Rey

*** Pola candidatura Agrupación de Electores Veciñal Meaño Independiente (MI):**

- D. José Manuel Ásperez Montes
- D^a Cristina Castro Pintos
- D. José Ángel Lubian Barreiro

*** Pola candidatura do Partido Popular (PP):**

- D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez

Asistidos pola Secretaria da Corporación D^a M^a Teresa Escudero Barral.

PUNTO ÚNICO.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E ELECCIÓN DE ALCALDE/ALCALDESA EN VIRTUDE DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 28 DE MAIO DE 2023.

Pola Sra. Secretaria-interventora dáse lectura do artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, que dí:

“1. Las Corporaciones municipales se constituyen en sesión pública el vigésimo día posterior a la celebración de las elecciones,...”.





Concello de Meaño

2. A tal fin, se constitúe una Mesa de Edad integrada por los elegidos de mayor y menor edad, presentes en el acto, actuando como Secretario el que lo sea de la Corporación.
3. La Mesa comprueba las credenciales presentadas, o acreditaciones de la personalidad de los electos con base a las certificaciones que al Ayuntamiento hubiera remitido la Junta Electoral de Zona.
4. Realizada la operación anterior, la Mesa declarará constituida la Corporación si concurren la mayoría absoluta de los Concejales electos. En caso contrario, se celebrará sesión dos días después, quedando constituida la Corporación cualquiera que fuere el número de concejales presentes.”

Así mesmo dá lectura ao punto 8 do artigo 108, que di

“En el momento de tomar posesión y para adquirir la plena condición de sus cargos, los candidatos electos deben jurar o prometer acatamiento a la Constitución, así como cumplimentar los demás requisitos previstos en las leyes o reglamentos respectivos.”

Formación da Mesa de Idade.

De seguido procédese a formar a Mesa de Idade, segundo preceptua o artigo 195.2 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e o artigo 37.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que estará integrada polo concelleiro elixido de maior idade D. Ramón Alfonso Piñeiro, nado o día outubro de 1950, quen pasa a presidi-la e pola de menor idade D^a. Rosana Domínguez Rey, nada o día xuño de 1991, actuando como Secretaria á da Corporación D^a M^a Teresa Escudero Barral.

Constituída a Mesa de Idade, procédese a comproba-las credenciais expedidas pola Xunta Electoral de Zona de Cambados, que se atopan conformes coa acta de proclamación de candidatos e candidatas electos e electas da Xunta Electoral de Zona de Cambados, de data 5 de xuño de 2023 e acta de renuncia de electos e nova proclamación de data 15 de xuño de 2023, correspondentes a

* Pola candidatura de Veciños de Meaño (VEDM):

- D. Carlos Viéitez Fenández
- D^a. Mercedes Cousido García
- D^a Raquel Balboa Torres
- D. Jorge Besada Serén
- D^a Belén Mosteiro Lobato
- D. Ramón Alfonso Piñeiro
- D^a Sheila Feteria Santos
- D. Ramón Tilve Castro





Concello de Meaño

*** Pola candidatura do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**

- D^a Rosana Domínguez Rey

*** Pola candidatura Agrupación de Electores Veciñal Meaño Independiente (MI):**

- D. José Manuel Ásperez Montes

- D^a Cristina Castro Pintos

- D. José Ángel Lubian Barreiro

*** Pola candidatura do Partido Popular (PP):**

- D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 75.7 Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 30 a 32 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais compróbase que tódolos/as concelleiros/as electos/as teñen presentada a DECLARACIÓN SOBRE POSIBLES CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE E SOBRE ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS e a DECLARACIÓNS DE BENS PATRIMONIAIS E DA PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES.

Invitando aos/ás concelleiros/as electos/as a que manifesten neste acto si lles afecta algunha causa de incompatibilidade; non facéndose constar ningunha.

Xuramento ou promesa do cargo.

Para adquirir a plena condición de concelleiro/a, polos Sres/as. Concelleiros/as Electos/as procédese a tomar posesión dos seus cargos, segundo preceptúa o artigo 108.8 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, baixo a fórmula que establece o R.D. 707/1979, do 5 de abril de:

“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a e gardar e facer gardala Constitución como norma fundamental do Estado”.

Agás a concelleira D^a Rosana Domínguez Rey, da candidatura do Bloque Nacionalista Galego, que a xura baixo a seguinte fórmula:

“Prometo, por imperativo legal, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira e gardar e facer gardala Constitución como norma fundamental do Estado e comprométome a defender os intereses xerais da veciñanza de Meaño e do pobo galego”.

Constitución da Corporación.

A tal efecto, considerando que, a maioría absoluta dos concelleiros electos desta corporación son 7 concelleiros e comprobado que concorren a totalidade dos membros da Corporación e que se cumpren os requisitos establecidos nos artigos 195 e 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño e 75.7 Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do





Concello de Meaño

Réxime Local, pola Mesa de Idade, declárase constituída a Corporación, que queda constituída por:

- D. Carlos Viéitez Fenández
- D^a. Mercedes Cousido García
- D^a Raquel Balboa Torres
- D. Jorge Besada Serén
- D^a Belén Mosteiro Lobato
- D. Ramón Alfonso Piñeiro
- D^a Sheila Feteria Santos
- D. Ramón Tilve Castro
- D^a Rosana Domínguez Rey
- D. José Manuel Ásperez Montes
- D^a Cristina Castro Pintos
- D. José Ángel Lubian Barreiro
- D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez

Proclamación de candidatos para a elección de Alcalde/Alcaldesa e elección de alcalde/alcaldesa.

Pola Sra. secretaria-interventora dáse lectura ao artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, que dí:

“En la misma sesión de constitución de la Corporación se procede a la elección de Alcalde, de acuerdo con el siguiente procedimiento:

- a) Pueden ser candidatos todos los Concejales que encabezen sus correspondientes listas.*
- b) Si alguno de ellos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los Concejales es proclamado electo.*
- c) Si ninguno de ellos obtiene dicha mayoría es proclamado Alcalde el Concejel que encabece la lista que haya obtenido mayor número de votos populares en el correspondiente Municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.”*

Procedendo de seguido, ao abeiro do artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, á proclamación de candidatos/a para a elección de alcalde/alcaldesa de entre os/a concelleiros/a que encabezan as listas que obtiveron representación; que son os seguintes:

Nome e apelidos	Candidatura á que pertencen
D. Carlos Vieitez Fernández	Veciños de Meaño
D ^a Rosana Domínguez Rey	Bloque Nacionalista Galego
D. José Manuel Ásperez Montes	Agrupación Electores Veciñal Meaño Independiente





Concello de Meaño

D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez	Partido Popular
--------------------------------	-----------------

Postulándose como candidatos:

Nome e apelidos	Candidatura á que pertencen
D. Carlos Vieitez Fernández	Veciños de Meaño
D. José Manuel Ásperez Montes	Agrupación Electores Veciñal Meaño Independiente
D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez	Partido Popular

Non se postulando a candidata do Bloque Nacionalista Galego D^a Rosan Domínguez Rey.

En canto ao sistema de elección, a Sra. Secretaria-interventora procede a dar lectura ao 70.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que establece “*Las sesiones del Pleno de las corporaciones locales son públicas. No obstante, podrán ser secretos el debate y votación de aquellos asuntos que puedan afectar al derecho fundamental de los ciudadanos a que se refiere el artículo 18.1 de la Constitución, cuando así se acuerde por mayoría absoluta.*”

e ao artigo 102 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que establece que:

- “1. El sistema normal de votación será la votación ordinaria.*
- 2. La votación nominal requerirá la solicitud de un grupo municipal aprobada por el Pleno por una mayoría simple en votación ordinaria.*
- 3. La votación secreta sólo podrá utilizarse para elección o destitución de personas.”*

Acto seguido procédese á elección de Alcalde, polo sistema de votación ordinaria; acadando o seguinte resultado:

Nome e apelidos	N.º votos
D. Carlos Vieitez Fernández	8
D. José Manuel Ásperez Montes	3
D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez	1

En consecuencia, sendo trece o número de Concelleiros e sete a maioría absoluta legal, resulta elixido D. Carlos Vieitez Fernández, que encabeza a lista presentada pola candidatura de Veciños de Meaño, ao obter a maioría absoluta do número dos votos; sendo, de conformidade co disposto no artigo 196 b) da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, proclamado alcalde.





Concello de Meaño

Dando cumprimento ao artigo 40.2 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que establece que *“Quien resulte proclamado Alcalde tomará posesión ante o Pleno da Corporación, de acordo con la fórmula general establecida para la toma de posesión de los altos cargos públicos”* e baixo formula anteriormente transcrita e contida no artigo 1 do Real Decreto 707/1979, do 5 de abril *“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardala Constitución como norma fundamental do Estado”*, D. Carlos Vieitez Fenández promete e toma posesión do seu cargo como alcalde do Concello de Meaño no mesmo acto ante o Pleno da Corporación, pasando a ocupa-la Presidencia.

Arqueo Extraordinario.-

Dando cumprimento ao artigo 36.2 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo Sr. alcalde-presidente dáse conta de que se procedeu a efectuar a correspondente acta de arqueo, elaborada con motivo da toma de posesión da nova Corporación acompañada dos documentos que xustifican as existencias en metálico, depositados en distintas entidades bancarias, da que resulta unhas existencias en metálico en Tesourería de 4.721.163,85 €.

E non sendo outro o obxecto desta sesión, ás 12 horas e 25 minutos dáse por rematada, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e prace do Sr. alcalde-presidente.

Así mesmo, CERTIFICO:

Que de conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión de data 29 de decembro de 2019, e co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase como anexo a videoacta resultante da gravación desta sesión, garantíndose a súa autenticidade coa seguinte sinatura dixital:

Formato: VIDEO (WMV)

Nombre archivo: {8E35475B-C0BC-438E-A36F-E780DA9F3351}.wmv

SHA512(Firma):

cf9297972a0e1e34baf959f4c4ce2b532db1a9d5110d821fbfee365e258756c2ce604453dc647955979214d0766744b17fe0a74384f5b5193bd5d81d28f51c65

